

A presenza de gando bovino no monte



A presenza de gando bovino nos montes está asociada a sistemas gandeiros extensivos. As explotacións extensivas caracterízanse por:

- O alimento procede de pastoreo directo no medio na súa maioría
- Uso de razas e variedades ben adaptadas ás condicións do territorio
- Aproveitamento dos recursos naturais do medio

Aprendo na casa...

Constrúe o teu composteiro

Un dos usos principais que tiña o monte era como fonte de abono para os cultivos. Podes comprobar como se transforman os restos vexetais en abono coa axuda dun composteiro. O abono que obterás se chama compost.

Para iso so necesitas:

- 4 palets de madeira
- 1 táboa de madeira

Coloca os palets formando un cadrado e pon a taboa de madeira a modo de tapa.

Pasos para elaborar o compost:

- Introduce unha primeira capa de ramas e follas secas.
- Introduce no composteiro toda clase de restos vexetais, como restos da cociña, restos de poda ou de herba.
- Remove, de cando en vez, os materiais dentro da composteira.
- Engade auga cando o compost o precise.

Nuns meses xa terás o teu compost preparado, estará listo cando non se distingan os restos que introduciches nel. Podes utilizalo como abono para a horta ou o xardín, desta maneira se transformaron os restos vexetais en abono como facían tradicionalmente co toxo ou co fento.




Aula temática Pinzás

U2

Os usos tradicionais no monte: o gando bovino

comunidade montes de pinzás





Os usos tradicionais do monte

Os montes en Galicia constitúen unha fonte de recursos fundamentais para a poboación. Aínda que o uso principal do monte é a produción de madeira, tradicionalmente o monte formou parte do sistema agrario galego, tanto para usos agrícolas como para usos gandeiros.

O monte como terra de cultivo:

As terras de monte non arboradas eran convertidas en terras de cultivo para distintos tipos de cereal, eliminábase a vexetación arbustiva mediante rozas ou queimas controladas e preparábase o terreo para sembrar.



O monte como fonte de abono para os cultivos:

As matogueiras presentes no monte como toxos ou fentos, eran aproveitadas para facer as camas do gando, que unha vez misturadas coas deposicións do gando se convertían en abono de moi boa calidade para aportar ás terras de cultivo.



O monte como sistema silvopastoral:

O monte galego foi utilizado como fonte de alimento para o gando, ovellas, cabras, vacas e cabalos. Estes animais alimentábanse das forraxes que se obtiñan no monte e pacían nas zonas destinadas a pastizais.



Estes usos tradicionais fóronse abandonando debido a entre outros:

- Mecanización da agricultura
- Emigración
- Aparición de fertilizantes químicos
- Aumento das repoboacións forestais